

---

# PIPPI MEDIASLONGAS

Texto de **ASTRID LINDGREN**

Ilustracións de **INGRID VANG NYMAN**

Tradución de **DAVID A. ÁLVAREZ**

---

Encadernado en cartón. 16 x 23,5. 128 páx. 15 €.

ISBN 978-84-8464-339-5. Fóra de colección.

MEDALLA HANS CHRISTIAN ANDERSEN  
MELLOR LIBRO TRADUCIDO DE LIX 2017 (FERVENZAS LITERARIAS)  
PREMIO DA GALA DO LIBRO GALEGO 2018 Á MELLOR TRADUCIÓN

*Nas aforas dunha vila pequena había un eido abandonado.  
No eido había unha casa vella e na casa vivía Pippi Mediaslongas.  
Tiña nove anos e vivía completamente soa, sen pai nin nai.  
Iso era unha vantaxe, pois non había ninguén que a mandase  
para a cama xusto cando máis estaba a divertirse, e ninguén  
que a obrigase a tomar aceite de fígado de bacallau cando prefería  
comer lambetadas...*

Nenas e nenos de todo o mundo temos pasado horas inesquecibles de lectura ao abeiro das aventuras e das extravagancias de Pippi Mediaslongas, do seu mono señor Nilsson e do seu cabalo.

Diversión, tenrura e humor, optimismo e ledicia son ingredientes deste clásico universal e imprescindible; dun personaxe literario convertido nunha icona contemporánea que inspirou unha serie na televisión sueca en 1969 e varias películas protagonizadas tanto por actores como por debuxos animados. Esta edición en galego conta coas ilustracións orixinais e restauradas de Ingrid Vang Nyman.

Escandalizados polos seus xestos e comentarios, moitos adultos -ben no ámbito da literatura, ben da educación- tildárona de mal exemplo para a infancia, pero o éxito desta nena foi imparable: rebelde, transgresora e desclasada, independente, simpática e extrovertida, Pippi rompía cos estereotipos e actuaba de forma contestataria fronte aos maiores. As súas accións motivadas polo absurdo, a espontaneidade ou a provocación, evidencian as convencións da escola, da familia e da sociedade da época.

Astrid Lindgren creou a historia de Pippi Mediaslongas a partir do inverno de 1941 para entreter a súa filla enferma. Dous anos despois, a autora escribiu o relato e regaloulle o manuscrito á rapaza polo seu aniversario. En 1945 gañou un concurso literario e foi publicado, cunha enorme repercusión en todo o mundo.



- 
- **Temática:** as aventuras dunha nena rebelde, transgresora e divertida.
  - **Idade recomendada:** desde 6 anos.
  - **Aspectos destacables:** humor, aventuras, imaxinación; clásico da literatura infantil; autora galardoada en 1958 coa Medalla Hans Christian Andersen en recoñecemento á súa traxectoria literaria.
  - **Avance do libro:**  
<https://issuu.com/kalandraka.com/docs/pippi-mediaslongas-g>
- 

## Astrid Lindgren

(Suecia, 1907 - 2002)

Astrid Anna Emilia Ericsson naceu nunha granxa de Nås, na provincia sueca de Småland. Afeccionada a escribir dende moi nova, foi autora de máis de 60 libros pioneiros na defensa dos dereitos da infancia e das mulleres, da igualdade, da non violencia, da natureza e dos animais. Escribiu "Pippi Mediaslongas" para a súa filla Karin mentres estaba convalescente e a obra foi publicada en 1945. Converteuse nun texto de referencia en todo o mundo e foi traducido a numerosas linguas. Entre os moitos recoñecementos que recibiu Astrid Lindgren destacan o Premio Nacional de Literatura de Suecia (1957), o Premio Hans Christian Andersen (1958), a Medalla de Ouro da Academia Sueca (1971), o Premio da Paz dos libeiros alemáns (1978) e o Premio Internacional do Libro da Unesco (1993). En 2003 o goberno sueco instaurou o Premio Memorial Astrid Lindgren, o máis importante no eido da literatura infantil e xuvenil.  
<http://www.astridlindgren.com>

Esta obra recibiu unha axuda da Secretaría Xeral de Cultura da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria da Xunta de Galicia na convocatoria de axudas para a tradución do ano 2016.